

Foto: Carmen Núñez González

NOVEMBRO 2025


RESUMO MENSUAL DE ACTIVIDADES



RESPIRO

A fotografía de novembro no calendario do #teamCINBIO está realizada por Carmen Núñez González, do grupo Neurocircuits (NCS).

Trátase dunha fotografía das branquias dunha lamprea durante unha disección.



Proxecto PRERES

Persoal investigador do grupo de Evolución Molecular Computacional lidera o proxecto PRERES para acadar un método predictivo que aproveite a evolución molecular e a bioloxía computacional para predicir a evolución de dianas farmacolóxicas do VIH-1 e mellorar así a selección de terapias. [Máis información.](#)



Visita de RAICEX

O 7 de novembro recibimos no CINBIO a unha delegación de RAICEX, a Rede de Asociacións de Investigadores e Científicos Españóis no Exterior. A visita, que forma parte do acordo entre a Xunta e RAICEX, foi unha boa oportunidade para amosar as capacidades do noso centro. [Máis información.](#)



Mural mulleres científicas

O venres 7 de novembro os investigadores do CINBIO, Andrés Serrano e Antía Álvarez, participaron xunto á xestora do centro, Noa Caramés, nun café-debate no marco da inauguración do mural 'Mulleres Científicas' da Facultade de Química da Universidade de Vigo. [Máis información.](#)



Premio Zendal

O grupo CellCOM do CINBIO, liderado por María Mayán, recibiu o premio Zendal na categoría de saúde humana por un traballo sobre o cancro triplo negativo, unha variante especialmente agresiva e con poucas opcións de tratamento. [Máis información.](#)



Tese Lara González

O xoves 13 de novembro Lara González Cabaleiro, investigadora do grupo FunNanoBio do CINBIO, defendeu a súa tese de doutoramento baixo o título "Engineering Plasmonic Nanostructures for Diagnostics and Living Therapeutics". [Máis información](#)



Highly Cited Researchers '25

O investigador e líder do grupo BIOMIMAT do CINBIO, Luis Liz, volve a estar entre os científicos máis citados do mundo, segundo figura no *Highly Cited Researchers 2025*, a clasificación elaborada anualmente por *Web of Science*. [Máis información.](#)




R+I Summit de ATIGA

O 14 de novembro, o director do CINBIO, Miguel Correa, participou na mesa redonda sobre a colaboración dos CCTT cos axentes do ecosistema de innovación, dentro do bloque “Innovación con selo galego” do R+I Summit de ATIGA. [Máis información.](#)



Novo vídeo: ORCHID

Con motivo do Día da Química, lanzamos un vídeo para amosar o traballo do grupo de Química Orgánica, con interese por crear arquitecturas moleculares complexas e innovadoras, con aplicación en biomedicina. [Vídeo completo.](#)



Tese Almudena Acuña

O 17 de novembro Almudena Acuña Casas, do grupo TeamNanoTech (TNT) do CINBIO, defendeu a súa tese de doutoramento baixo o título “Electrospinning-based photocatalyst for sustainable applications”. [Máis información.](#)



Tese Belén Arjones

O 17 de novembro Belén Arjones, do grupo TeamNanoTech do CINBIO, defendeu a súa tese de doutoramento baixo o título “Fabricación de nuevas nanoestructuras híbridas para aplicaciones fotocatalíticas”. [Máis información.](#)



Proxecto europeo SMACC+

O día 18 tivo lugar a reunión de lanzamento do proxecto SMACC+, liderado por persoal do grupo de Biomasa e Desenvolvemento Sostible (EQ-2), que impulsará a cosmética e a nutrición sostible de orixe mariño. [Máis información.](#)



Beyond the lab - Redeiras

O 19 de novembro tivo lugar o encontro REDEIRAS que, dentro do proxecto EMPREN+AP do CINBIO, nos lembrou a importancia de tecer redes internas e externas para que o coñecemento tome o camiño da innovación. [Máis información.](#)



Inscripcións CinVigo 2026

Este mes abrimos as inscricións para a cuarta edición do festival científico “CinVigo. Ciencia na rúa” que, co apoio de FECYT, terá lugar a fin de semana do 25 e 26 de abril de 2026. O prazo de inscrición de proxectos remata o 9 de febreiro. [Máis info.](#)



Premio María Wonenburger

A líder do grupo de Inmunoloxía do CINBIO, África González, recibe o Premio María Josefa Wonenburger 2025 da Unidade da Muller e da Ciencia da Xunta, en recoñecemento o seu labor de investigación en inmunoloxía. [Máis información.](#)



Tese Nadesh Fiuza

O 24 de novembro Nadesh Fiuza, do grupo de Física e Química de Materiais, defendeu a súa tese co título “Surface Passivation Strategies and Chiral Emission Engineering in Halide Perovskite Nanocrystals”. [Máis información.](#)



- **#teamCINBIO GATHERING** | Mércores 17 de decembro ás 12:00h. no Edificio CITEXVI.



O 17 de decembro terá lugar unha xornada especial do #teamCINBIO para compartir ideas, obxectivos e as liñas estratéxicas que marcarán o rumbo do noso centro no vindeiro ano.

Para rematar a xornada compartiremos uns petiscos no corredor da Sala de Seminarios (entrada desde CITEXVI).

[Máis información e inscricións.](#)

- **Seminario BIOEXPERIMENTACIÓN** | Xoves 18 de decembro ás 11:00h. na sala de Seminarios.



M^a Isabel Manzano Rodríguez, veterinaria e responsable técnico produción biolóxicos en CZ Vaccines, impartirá o seminario “Protexer o benestar en proxectos de investigación con modelos animais”.

[Máis información.](#)

- **TESE PAULA MORA AYUSO** | Xoves 18 de decembro ás 16:00h

O xoves 18 de decembro ás 16:00 horas, Paula Mora, do grupo ORCHID do CINBIO, defenderá a súa tese de doutoramento baixo o título “Síntesis del ácido nahuoico A y análogos estructurales como inhibidores de la metiltransferasa de histonas SETD8”. [Máis información.](#)

- **TESE ÓSCAR IGLESIAS MENDUÍÑA** | Venres 19 de decembro ás 11:30h


O venres 19 de decembro ás 11:30h, Óscar Iglesias Menguíña, do grupo ORCHID do CINBIO, defenderá a súa tese de doutoramento baixo o título “Macrolactamas Poliénicas: Síntesis Estereoselectiva y Determinación Estructural”. [Máis información.](#)

- **IYI MEETING 2025** | Luns 29 de decembro ás 10:00h. no Edificio Redeiras

Volve unha nova edición do IYI Meeting, a reunión de persoal investigador no estranxeiro. O obxectivo é aproveitar a volta a Galicia polo Nadal de persoal investigador que traballa no estranxeiro para dar a coñecer o seu traballo, fomentar sinerxías, e estar ao tanto das oportunidades de retorno.

[Máis información.](#)





cinbio.es

